VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB1.3.2. Realiza, respondendo a preguntas de persoas adultas, unha autoavaliación responsable da execución das tarefas.	Observación de condutas e comportamentos, entrevistas, análise de traballos da clase, análise de tarefas escolares, probas en distintas modalidades (escritas e orais).
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB1.4.1. Utiliza o pensamento creativo na formulación de propostas de actuación.	Observación de condutas e comportamentos, entrevistas, análise de traballos da clase, análise de tarefas escolares, probas en distintas modalidades (escritas e orais).
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB1.4.2. Toma iniciativas de actuación durante a colaboración.	Observación de condutas e comportamentos, entrevistas, análise de traballos da clase, análise de tarefas escolares, probas en distintas modalidades (escritas e orais).
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB1.5.1. Participa con interese na resolución de problemas escolares.	Observación de condutas e comportamentos, entrevistas, análise de traballos da clase, análise de tarefas escolares, probas en distintas modalidades (escritas e orais).
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB1.5.2. Define e formula claramente problemas de convivencia.	Observación de condutas e comportamentos, entrevistas, análise de traballos da clase, análise de tarefas escolares, probas en distintas modalidades

ÁREA	EA	Instrumento de avaliación
		(escritas e orais).
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB2.1.1 Expresar con claridade sentimentos e emocións.	Observación de condutas e comportamentos, entrevistas, análise de traballos da clase, análise de tarefas escolares, probas en distintas modalidades (escritas e orais).
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB2.1.2. Emprega a comunicación verbal en relación coa non verbal en exposicións orais para expresar opinións, sentimentos e emocións.	Observación de condutas e comportamentos, entrevistas, análise de traballos da clase, análise de tarefas escolares, probas en distintas modalidades (escritas e orais).
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB2.1.3. Emprega a linguaxe para comunicar afectos e emocións con amabilidade.	Observación de condutas e comportamentos, entrevistas, análise de traballos da clase, análise de tarefas escolares, probas en distintas modalidades (escritas e orais).
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB2.2.1. Emprega a linguaxe positiva.	Observación de condutas e comportamentos, entrevistas, análise de traballos da clase, análise de tarefas escolares, probas en distintas modalidades (escritas e orais).
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB2.3.1. Emprega diferentes habilidades sociais básicas.	Observación de condutas e comportamentos, entrevistas, análise de traballos da clase, análise de tarefas escolares, probas en distintas modalidades (escritas e orais).
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB2.4.1. Identifica distintas maneiras de ser e actuar.	Observación de condutas e comportamentos, entrevistas, análise de traballos da clase, análise de tarefas escolares, probas en distintas modalidades (escritas e orais).
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSC2.4.2. Identifica necesidades dos compañeiros e compañeiras, resalta as súas calidades e emite cumprimentos.	Observación de condutas e comportamentos, entrevistas, análise de traballos da clase, análise de tarefas escolares, probas en distintas modalidades (escritas e orais).
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB2.5.1. Forma parte activa das dinámicas do grupo.	Observación de condutas e comportamentos, entrevistas, análise de traballos da clase, análise de tarefas escolares, probas en distintas modalidades (escritas e orais).
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB2.5.2 Establece e mantén relacións emocionais amigables, baseadas no intercambio de afecto e a confianza mutua.	Observación de condutas e comportamentos, entrevistas, análise de traballos da clase, análise de tarefas escolares, probas en distintas modalidades (escritas e orais).
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.1.1. Establece relacións de confianza cos iguais e as persoas adultas.	Observación de condutas e comportamentos, entrevistas, análise de traballos da clase, análise de tarefas escolares, probas en distintas modalidades (escritas e orais).
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.1.2. Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais.	Observación de condutas e comportamentos, entrevistas, análise de traballos da clase, análise de tarefas escolares, probas en distintas modalidades (escritas e orais).
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.2.1. Amosa boa disposición a ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.	Observación de condutas e comportamentos, entrevistas, análise de traballos da clase, análise de tarefas escolares, probas en distintas modalidades (escritas e orais).
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.2.2. Respecta as regras durante o traballo en equipo.	Observación de condutas e comportamentos, entrevistas, análise de traballos da clase, análise de tarefas escolares, probas en distintas modalidades (escritas e orais).
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.3.1. Coñece e enumera as normas da aula.	Observación de condutas e comportamentos, entrevistas, análise de traballos da clase, análise de tarefas escolares, probas en distintas modalidades (escritas e orais).
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.3.2. Pon en práctica procesos de razoamento sinxelos para valorar se determinadas condutas son acordes coas normas de convivencia escolares.	Observación de condutas e comportamentos, entrevistas, análise de traballos da clase, análise de tarefas escolares, probas en distintas modalidades (escritas e orais).
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.3.3 Participa na elaboración das normas da aula	Observación de condutas e comportamentos, entrevistas, análise de traballos da clase, análise de tarefas escolares, probas en distintas modalidades (escritas e orais).
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.3.4. Respecta as normas do centro escolar.	Observación de condutas e comportamentos, entrevistas, análise de traballos da clase, análise de tarefas escolares, probas en distintas modalidades (escritas e orais).
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.4.1. Resolve problemas persoais da vida escolar mantendo unha independencia adecuada á súa idade.	Observación de condutas e comportamentos, entrevistas, análise de traballos da clase, análise de tarefas escolares, probas en distintas modalidades

ÁREA	EA	Instrumento de avaliación
		(escritas e orais).
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.4.2. escoita as razón das persoas coas que entra en conflito, compréndelas, na medida das súas posibilidades e exponas oralmente.	Observación de condutas e comportamentos, entrevistas, análise de traballos da clase, análise de tarefas escolares, probas en distintas modalidades (escritas e orais).
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.4.3. Identifica as emocións e os sentimentos das partes en conflito.	Observación de condutas e comportamentos, entrevistas, análise de traballos da clase, análise de tarefas escolares, probas en distintas modalidades (escritas e orais).
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.4.4. Explica conflitos, causas e as súas posibles solucións, tendo en conta os sentimentos básicos das partes.	Observación de condutas e comportamentos, entrevistas, análise de traballos da clase, análise de tarefas escolares, probas en distintas modalidades (escritas e orais).
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.5.1. Representa plasticamente a necesidade da alimentación, a vivenda e o xogo para os nenos e as nenas.	Observación de condutas e comportamentos, entrevistas, análise de traballos da clase, análise de tarefas escolares, probas en distintas modalidades (escritas e orais).
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.5.2. Explica as consecuencias para os nenos e para as nenas dunha mala alimentación, a falta de vivenda digna e a imposibilidade de xogar.	Observación de condutas e comportamentos, entrevistas, análise de traballos da clase, análise de tarefas escolares, probas en distintas modalidades (escritas e orais).
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.5.3. Respecta a igualdade de dereitos dos nenos e das nenas no xogo e no emprego dos xoguetes.	Observación de condutas e comportamentos, entrevistas, análise de traballos da clase, análise de tarefas escolares, probas en distintas modalidades (escritas e orais).
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.6.1. Colabora con persoas do outro sexo en diferentes situacións escolares.	Observación de condutas e comportamentos, entrevistas, análise de traballos da clase, análise de tarefas escolares, probas en distintas modalidades (escritas e orais).
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.6.2. Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo.	Observación de condutas e comportamentos, entrevistas, análise de traballos da clase, análise de tarefas escolares, probas en distintas modalidades (escritas e orais).
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.7.1. Valora a importancia do coidado do corpo e a saúde e de previr accidentes domésticos.	Observación de condutas e comportamentos, entrevistas, análise de traballos da clase, análise de tarefas escolares, probas en distintas modalidades (escritas e orais).
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.7.2. Razona as repercusións de determinadas condutas de risco sobre a saúde e a calidade de vida.	Observación de condutas e comportamentos, entrevistas, análise de traballos da clase, análise de tarefas escolares, probas en distintas modalidades (escritas e orais).
VALORES SOCIAIS E CIVICOS	VSCB3.7.3. Expresa as medidas preventivas dos accidentes domésticos máis frecuentes.	Observación de condutas e comportamentos, entrevistas, análise de traballos da clase, análise de tarefas escolares, probas en distintas modalidades (escritas e orais).
EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)	EPB1.1.1. Describe e identifica as calidades e as características dos materiais, dos obxectos e dos instrumentos presentes no contexto natural e artificial.	Observación sistemática.
EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)	EPB1.2.1. Usa termos sinxelos e adecuados para comentar as obras plásticas observadas.	Intercambios orais cos alumnos
EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)	EPB1.2.2. Describe con termos propios da linguaxe as características de feitos artísticos e os seus creadores presentes no contorno.	Intercambios orais cos alumnos
EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)	EPB1.3.1. Realiza debuxos e coloreas con diferentes tonalidades.	Análise das producións dos alumnos.
EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)	EPB1.3.2. Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as diferentes formas, cores e texturas.	Análise das producións dos alumnos.
EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)	EPB1.4.1. Identifica diferentes formas de representación do espazo.	Análise das producións dos alumnos.
EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)	EPB1.4.2. Representa de diferentes maneiras o espazo.	Análise das producións dos alumnos.

EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)	EPB1.5.1. Practica con precisión o recorte, o pegado, o pintado etc.	Análise das produccions dos alumnos.
EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)	EPB2.1.1. Manexa en produccions propias as posibilidades que adoptan as cores.	Análise das produccions dos alumnos.
EDUCACIÓN ARTÍSTICA	EPB2.1.2. Realiza correctamente mesturas de cores primarias.	Análise das produccions dos alumnos.
EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)	EPB2.3.1. Practica con precisión o recorte e o encartado para crear obras bidimensionais e tridimensionais.	Análise das produccions dos alumnos.
EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)	EP2.3.2. Utiliza a técnica de colaxe para realizar unha obra persoal con limpeza e precisión.	Análise das produccions dos alumnos.
EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)	EP2.4.1. Utiliza liñas e formas xeométricas nos debuxos.	Análise das produccions dos alumnos.
EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)	EP2.4.2. Emprega ferramentas básicas do debuxo (regra e escuadro) para realizar diferentes formas xeométricas.	Análise das produccions dos alumnos.
EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)	EP2.4.3. Manexa a cuadrícula para respectar as proporcions das formas.	Análise das produccions dos alumnos.
EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)	EP2.5.1. Debuxa a figura humana e diferencia as principais partes.	Análise das produccions dos alumnos.
EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)	EP2.6.1. Elabora e representa imaxes despois dunha presentación audiovisual.	Análise das produccions dos alumnos.
EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)	EP2.6.2. Deseña sinxelas creacions plásticas despois de recoller información por medios audiovisuais.	Análise das produccions dos alumnos.
EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)	EP2.7.1. Coida o material e respecta as normas preestablecidas.	Análise das produccions dos alumnos.
EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)	EP2.8.1. Aмосa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo.	Análise das produccions dos alumnos. Probas específicas.

6.- METODOLOXÍA.

DESENVOLVEMENTO EVOLUTIVO DE 6 A 8 ANOS.

A incorporación á etapa de Educación Primaria e ao ritmo de traballo que conleva, vaille esixir ao alumno que poña en marcha as potencialidades que ten. Atópase nun momento para aprender: domina a linguaxe case coma un adulto, a súa forma de pensamento é moito máis rica e vai adquirindo habilidades para relacionarse cos demais.

Tendo en conta que cada neno/a é unha persoa diferente, e o seu proceso de cambio, crecemento e maduración posúe as súas propias características, a continuación recollemos os cambios máis significativos que se van a producir no desenvolvemento do alumnado entre 6 e 8 anos, período de idade que coincide cón inicio da Educación Primaria.

A.- DESENVOLVEMENTO COGNITIVO.

En torno aos 6 anos prodúcese un importante progreso no que ao pensamento se refire. As crianzas xa adquiriron unha serie de nocións que lle permiten referirse ás cousas, falar do que está e non está presente, transformar as situacións, pensar sobre elas, etc. Os cambios máis significativos son os seguintes:

- **SUPERA O EGOCENTRISMO:** a partir dos 6 anos o/a neno/a vai superando o egocentrismo e dándose conta de que existen outras formas de ver as cousas que son diferentes á súa. Esta nova característica vaille permitir adentrarse no mundo que o rodea e ir descubrindo todas as combinacións que se poden dar nel. A capacidade de adoptar puntos de vista diferentes ao seu tamén lle axudará a entender mellor aos demais e o porqué de moitas cousas.
- **UN PENSAMENTO LÓXICO:** A partires desta idade o alumnado fai grandes avances no pensamento lóxico. Permítelle coñecer o porqué das cousas e cada vez as súas reflexións son máis razoadas. O/a neno/a empeza a desligarse das aparencias así como antes de dar unha resposta esfórzase por reflexionar e comprender a lóxica das situacións e dos obxectos. Intenta buscar unha explicación racional ao que sucede ao seu arredor, pero aínda non é similar á dun adulto.
- **A CONQUISTA DA IDENTIDADE:** Outro logro importante deste momento é a adquisición do concepto de identidade, que lle permite á rapazada entender que un obxecto segue sendo o mesmo aínda que se produzan cambios na súa aparencia.

Empezará entendendo que a cantidade dunha cousa non varía aínda que cambie de forma, para despois entender que dúas cousas poden pesar o mesmo aínda tendo formas diferentes e finalmente comprender que dúas cousas poden ocupar o mesmo volume aínda que sexan distintas. Todo este proceso prolongarase dende os 6-7 anos até a adolescencia.

- **COMO ENTENDE O ESPACIO:** En canto ás nocións do espazo aínda ten razoamentos carentes de lóxica. Pensa que unha distancia recorrida a pé é maior que se a facemos en coche e por suposto, imaxinar grandes distancias resúltalle imposible. Agora ben, o concepto do espazo está máis desenvolvido que en idades anteriores podendo facer comparacións e mostrar o significado que ten cada unha das medidas.
- **DESAPARECE A FANTASÍA:** a partir dos 6-7 anos son capaces de ir adquirindo unha maior conciencia da realidade. Van comprendendo cada vez máis, que existe unha diferenza entre ambas dimensións. Pero por elo non deixa de fantasear; agora distingue un conto con personaxes imaxinarios dunha situación real. O seu pensamento é moito máis realista, baséase no que pode percibir e sobre o que pode razoer aínda que a fantasía permanece aí e gústanlle as historias onde poda deixar voar a súa imaxinación.

B.- DESENVOLVEMENTO DA LINGUAXE DO ALUMNADO DE 6 A 8 ANOS.

Os nenos e as nenas de 6 a 8 anos utilizan unha linguaxe moi similar á do adulto. Poden entender a maioría das conversacións e comunicarse utilizando os termos axeitados dun modo eficaz.

Durante esta etapa os cambios non son tan sorprendentes como os que se producen entre os 3 e os 6 anos, pero hai tres aspectos da linguaxe que durante esta etapa se desenvolven en maior medida como son:

- **VOCABULARIO:** o/a neno/a entre os 6 e os 8 anos non só aumenta o seu vocabulario senón que adquire un maior dominio sobre si mesmo. Empeza a coñecer que hai verbas que poden ter varios significados e outras que si ben representan algo parecido posúen diferentes matices. Tamén son capaces de definir o significado das palabras ás veces descubrindo cómo son e outras para que se utilizan. O seu maior dominio vaille permitir comprender mellor os conceptos

abstractos e tamén entender conceptos xerais que agrupan outros. Preguntará polo significado de todas as palabras que non entende. Ten ganas de aprender e mostra unha capacidade asombrosa para enriquecer o seu vocabulario. A esta idade adquirense aproximadamente 20 palabras diarias. Aínda así, existirán certas limitacións que lle poden levar a confusións.

- **GRAMÁTICA:** permite construír oracións máis estruturadas. Será capaz de compoñer e comprender frases cada vez máis complexas. Pouco a pouco os/as nenos/as desta idade van comprendendo as construcións gramaticais en modo pasivo. Durante esta etapa aprenderá as regras gramaticais que rexen o idioma poñéndooas en práctica, ampliando as súas posibilidades.
- **PRAGMÁTICA:** as crianzas ao longo do seu crecemento desenvolven e perfeccionan dúas funcións básicas da linguaxe: a comunicativa e a reguladora. A partires dos 6-7 anos perfeccionan a función reguladora: utilizan a linguaxe para reflexionar sobre si mesmo e o seu comportamento; utilizan a linguaxe como ferramenta de pensamento.

Obxectivos que persegue a nosa metodoloxía

É importante para conseguir o éxito educativo, e consecuentemente alcanzar as competencias básicas que pretende o currículo da educación primaria, o decidir como ensinar. Preténdese que o alumnado reciba a axuda que necesita para aprender de modo significativo, para desenvolver as capacidades definidas nos obxectivos.

Polo tanto, tendo en conta as directrices que se expoñen no currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, a práctica educativa debe:

- Conseguir aprendizaxes significativas partindo dos coñecementos e ideas previas dos nenos/as.
- Centrarse na funcionalidade, orientando as aprendizaxes cara á súa aplicación en contextos e situacións diferentes.
- Procurar que o alumno/a aprenda a aprender. Debemos proporcionarlles os recursos e medios para que cheguen a adquirir os coñecementos por eles mesmos.
- Potenciar a autonomía dos nenos/as cunha intensa actividade física e mental.
- Dotar os contidos dun enfoque integrador promovendo a globalización, respectando a forma na que os nenos/as perciben a realidade.
- Non esquecer a atención á diversidade do alumnado, tanto na práctica docente coma na selección dos contidos.
- Establecer relacións afectivas. O papel do docente abranguerá diferentes modalidades, polo tanto será dinamizador, de escoita, apoio e reforzo positivo. Son importantes as interaccións co medio, con outros adultos e co seu grupo de iguais.
- Buscar unha boa relación coas familias para conseguir unha eficacia educativa.

- Coidar os espazos, que deben ser funcionais e adecuarse ás necesidades de exploración dos nenos/as e/ou a outros usos.
- Adecuar a organización do tempo ós ritmos dos nenos/as.
- Ofertar variedade de materiais para que poidan desenvolver a súa autonomía e interioricen actitudes de coidado, orde e responsabilidade.
- Avaliar facendo unha reflexión acerca das capacidades que se pretende que adquiran os alumnos/as en pos da consecución das competencias básicas, facendo unha observación continua e mantendo informadas ás familias ao longo do proceso educativo.

A intervención educativa debe ter un carácter preventivo e compensador, evitando que aparezan dificultades de aprendizaxe ou intervindo canto antes no caso de que se produzan.

As propostas a desenvolver serán variadas, diversas e motivadoras para o alumnado, respectarán os seus ritmos individuais e atenderán á diversidade, dando oportunidades a todos/as por igual, sexan cales sexan as súas características, nivel de madurez, etc.

A avaliación permite adaptar, reconducir e axustar durante todo o proceso de investigación-aprendizaxe, as propostas de traballo, os materiais, os espazos... ás diferenzas individuais que imos observando en cada neno/a e no grupo. Avaliamos como docentes o proceso de ensino aprendizaxe e tamén avalían os propios nenos/as (autoavaliación).

O material que se obteña do traballo feito, que nos sirva de recordatorio das tarefas realizadas ou que nos axude a afrontar novas actividades, poderá quedar exposta na clase para que o alumnado poida vela e revisala cando estime oportuno. Como exemplos de isto poden ser: murais, debuxos, fotografías, calendarios, etc.

Papel do docente ao longo do proceso educativo

O noso papel como docente supón:

- Propoñer momentos para pensar e escoitar ás nenas/os e as súas propostas, deixando que expresen as súas ideas e investigacións sen adiantarnos a aclarar as súas dúbidas.
- Promover unha maior interrelación escola-familia e por tanto escola-sociedade.
- Organizar a aula de forma dinámica onde se dea cabida ás inquiredanzas e intereses dos nenas/as.
- Ter unha visión da programación como algo flexible e cercano á realidade.
- Saber definir e dirixir os intereses e preocupacións dos nenas/as cara a aprendizaxe, de forma interactiva.
- Planificar as accións.
- Organizar e reorganizar de forma permanente as investigacións que se van realizando.
- Regular o grupo, as intervencións, tomar decisións negociadas, planificar de xeito conxunto, dar significado á información (analizar, ordenar, sintetizar...)
- Realizar observacións diarias e sistemáticas para captar os novos rumbos e directrices que han de seguir os procesos.

O traballo co alumnado

Á hora de traballar é fundamental ter en conta os seguintes parámetros:

- Captar e partir dos intereses dos nenos/as, xa que a necesidade xurde cando algo nos interesa moito e, por tanto, hai unha motivación interna, podendo a partir de aí realizar

unha aprendizaxe amena e divertida. Os nenos/as van aprender porque de verdade queren facelo, interesándolles todo o relativo a ese tema en concreto.

- O neno/a é o protagonista da súa propia aprendizaxe, é quen investiga so, cos seus compañeiros/as, coa súa familia, co seu mestre/a, é quen aporta material, ideas, os seus descubrimentos, sendo cada vez máis autónomo e desenvolvendo máis estratexias na resolución de conflitos e na toma de decisións. Todas as aportacións dos nenos/as son fundamentais.
- Non se fala de fracaso, só de erros que axudan a medrar e a non deixarse vencer polas dificultades. Cada vez que solucionamos un problema, estamos xerando estruturas cognitivas novas, que ademais nos axudan a resolver novos conflitos e a desenvolver novas estratexias de planificación ante as dificultades. Co noso traballo investigamos, planificamos, resolvemos conflitos, reconducindo o proceso e axustándoo constantemente.
- Traballar así axúdanos a estruturar, relacionar e fixar mellor os contidos a aprender. Os nenos/as van descubrindo principios lóxicos de dedución.
- O nenos/as debe descubrir o contido, organizalo, elixir e construír, por iso débenselles ofrecer actividades abertas, flexibles, que lles permitan equivocarse e volver a reconstruír a acción de diferente maneira, potenciando o pensamento diverxente.
- A colaboración e aportación das familias no proceso educativo, sendo fundamental o seu apoio e implicación no traballo. A familia axudará ó neno/a a buscar información, adaptándoa para que sexa o propio neno/a o que faga partícipes a todos os demais do seu descubrimento, converténdose no protagonista do seu proceso de aprendizaxe, sentíndose importante e único ante os demais.
- O ensino e a aprendizaxe han de mirar pola autonomía como finalidade da educación e do desenvolvemento. Empezando a empregar esta metodoloxía dende que entran na escola, cada vez deben ter máis variedades de recursos para, en moitas ocasións, ser eles mesmos quen organicen por onde ha de seguir a investigación sobre o que necesitan aprender.

A relación coas familias

A familia debe desenvolver un papel protagonista na educación dos nenos/as, por iso é necesario que se impliquen no proceso educativo, que sexan conscientes e valoren os progresos e dificultades na aprendizaxe.

É importante establecer, entre o profesorado e as familias, unha comunicación continua, para facer da ensinanza un proceso eficaz e adecuado ao alumnado.

7.- PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN.

7.1.- PRINCIPIOS XERAIS.

O equipo de profesionais que formamos o segundo curso de primaria entendemos a avaliación como un elemento fundamental e inseparable da práctica educativa, que permite recoller, en cada momento, a información necesaria para poder realizar os xuízos de valor oportunos que faciliten a toma de decisións respecto do proceso de ensinanza – aprendizaxe.

A avaliación é un proceso integral, no que se contemplan diversas dimensións: análise do proceso de aprendizaxe dos alumnos/as, análise da práctica docente e dos procesos de ensino e análise da propio Proxecto curricular.

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será **continua, global, formativa e integradora** de todas as áreas.

Os criterios de avaliación das áreas serán referentes fundamentais para valorar o grao de adquisición das competencias básicas.

Se no proceso de avaliación continua se advirte que un alumno/a non progresa adecuadamente, tan pronto como se detecten as dificultades de aprendizaxe, adoptaranse **medidas de reforzo educativo** coa finalidade de que o alumnado adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

Distinguimos así tres pasos na avaliación do proceso de ensinanza – aprendizaxe:

- **Avaliación inicial:** Facilita a valoración dos coñecementos previos, as capacidades e as actitudes dos alumnos/as co obxecto de adecuar o proceso de ensinanza – aprendizaxe á realidade das súas posibilidades.
- **Avaliación formativa continua:** Pretende coñecer se se van logrando os obxectivos propostos, cando aínda se pode intervir modificando o camiño para conseguilos; é dicir, avaliación do proceso e como proceso. Este tipo de avaliación ten un especial carácter regulador, orientado e autocorrector do proceso educativo desde o seu comezo, o que require unha avaliación inicial previa.
- **Avaliación sumativa:** Estima os méritos ao finalizar o currículo (máis cuantitativa), na que se valora, sobre todo, o dominio das capacidades adquiridas; isto é, avaliación do resultado.

7.2.-PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS.

Ao longo das actividades e traballos que se fagan en cada unidade didáctica, o profesorado, mediante observación e análise do traballo do alumnado, rexistrará información detallada sobre o grao de adquisición dos contidos en cada alumno/a.

O alumnado será informado desde o principio de curso de cómo vai ser avaliado así como que aspectos van influír na avaliación (conduta, interese, participación, traballo individual ou en grupo,...).

Algúns dos procedementos e instrumentos para avaliar o proceso de aprendizaxe serán:

- **Observación sistemática:**
 - Rexistro anecdótico persoal.
- **Análise das producións dos alumnos:**
 - Traballos realizados nas clases.
 - Libros de texto e cadernos de clase.
 - Producións orais.
- **Intercambios orais cos alumnos/as:**
 - Diálogo.
 - Entrevista.

- Postas en común.
- Asembleas.
- **Probas específicas:**
 - Obxectivas.
 - Resolución de actividades individual e autonomamente, por escrito ou oralmente.

8.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación nas diferentes áreas realizaranse tendo en conta a consecución das competencias clave e os obxectivos propostos para o curso. Deste xeito, cuantificarase os diferentes tipos de contidos do seguinte xeito:

- Un 70% da cualificación farase tendo en conta os contidos conceptuais e procedimentais reflectidos nesta programación.
 - + Esta valoración obtérase fundamentalmente da continua observación do traballo diario e da presentación dos seus traballos, das actividades de elaboración propia, dos traballos en grupo na aula, etc ...que conformará o 40% da nota final da área.
 - + O restante 30% obterémolo dos resultados acadados nas diferentes probas orais e escritas que o alumnado realizará de forma autónoma previa explicación das mesmas.
- Un 30% da cualificación referirase á adquisición dos contidos actitudinais, observando sistematicamente o seu comportamento na aula e fóra dela: respecto ás normas, ós compañeiros e ao profesorado, coidado do material, interese por aprender, esforzo persoal, etc.

9.- DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL.

A avaliación inicial realizarase antes de iniciar o proceso de ensino-aprendizaxe, co fin de comprobar o nivel de preparación do alumnado para acadar os obxectivos que se espera alcanzar.

A verdadeira avaliación require coñecemento detallado do alumno/a, o principal protagonista do proceso, co fin de adaptar: a actividade de ensino (métodos, técnicas, motivación), o deseño instrucional (obxectivos, actividades, sistema de ensino), o nivel de demanda e mesmo o proxecto educativo de cada persoa, como resultado da súa individualidade.

O proceso para realizar a avaliación inicial que nos permita unha acción preventiva e proporcione información na toma de decisións de cara ao desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe terá como finalidade a adquisición dos seguintes coñecementos do alumnado:

- Coñecer o alumno/a antes de empezar a fase de proceso ensino-aprendizaxe en función da súa historia académica.
- Identificar aprendizaxes anteriores que marcan o punto de partida para novas aprendizaxes.
- Identificar lagoas ou erros que poidan impedir a realización de obxectivos.
- Diseñar de actividades que teñan como obxectivo nivelar o proceso de aprendizaxe.

- Identificar os obxectivos que foron dominados, para evitar a repetición.
- Outorgar elementos que permitan formular obxectivamente modificacións ou adaptacións no programa.
- Establecer obxectivos razoables para facer xuízos de valor sobre o rendemento escolar e con todo elo adecuar o tratamento pedagóxico ás características e peculiaridades dos alumnos e alumnas.
- As probas diagnósticas que se realicen non levarán nota, porque perden o papel diagnóstico da avaliación. A nota tende a penalizar aos alumnos/as cando realmente están a buscar entender como se manexan no inicio dunha unidade de aprendizaxe.
- Non ten que ser unha proba pode ser unha actividade programada, o importante é que teña un nivel moi claro de avaliación.
- Pode ser individual ou en grupo, dependendo se quere ter un carácter global ou individual dos alumnos/as.
- Non é só unha información para o profesor. Como calquera avaliación debe ser compartida cos alumnos/as, con comentarios para que se poida coñecer o seu estado orixinal de aprendizaxe ante os novos coñecementos e, así, participar activamente no proceso.

As distintas fases do proceso de avaliación que aquí se detallan deben cumprirse sempre e de maneira secuencial:

1.- Identificar obxectivos do estudo para avaliar: para cada instancia de avaliación é esencial que o profesor/a teña claro a aprendizaxe desexada, é dicir, as metas e obxectivos que espera conseguir cando finalice a unidade.

2.- A elección do instrumento: o seguinte paso é decidir que instrumento se empregará para a recollida de datos (probas escritas, cuestionario oral, guiños de observación, cuestionarios, preguntas, etc) .

3.- A recollida de datos: esta implica a aplicación de instrumentos seleccionados en ambientes regulados.

4.- Rexistro e análise da información: unha vez aplicado o instrumento para os alumnos/as realízase a análise dos resultados que mostran os logros alcanzados, así como as lagoas e erros.

10.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Dado que existen diferenzas no ritmo de aprendizaxe dos alumnos e alumnas, é preciso propoñer actividades que aborden esa diversidade. A atención á diversidade contéplase en tres niveis: metodoloxía, programación e materiais.

- **A atención á diversidade na programación** .- A programación debe ter en conta que non todos os alumnos e alumnas adquiren ao mesmo tempo todo o contido. Así que debe ser deseñada para garantir un nivel mínimo para todo o alumnado ao final do nivel. Isto tradúcese tanto nunha programación en espiral como en actividades de integración dos coñecementos.

- **A atención á diversidade na metodoloxía** .- A atención á diversidade, dende o punto de vista metodolóxico, debe estar presente durante todo o proceso de aprendizaxe e levar ao profesor ou profesora a:

- + Identificar o coñecemento previo dos alumnos para iniciar cada unidade. Ós alumnos/as que se lles detecten lagoas no seu coñecemento, débenselle proporcionar o ensino de recuperación axeitado ás súas necesidades.
- + Procurar que a velocidade de aprendizaxe sexa marcada polos propios alumnos e alumnas.
- + Intentar que a comprensión do alumno ou alumna en cada contido sexa suficiente para unha mínima aplicación e enlazar os contidos que se relacionan con el.

- **A atención á diversidade en materiais** .- A utilización de recursos didácticos que facilitan unha atención particularizada a cada alumno ou alumna ten especial incidencia para a creación de dous tipos básicos de actividades: as que teñen por obxecto reforzar certos contidos e as que facilitan a ampliación dos contidos fundamentais.

Consideramos como fundamental dentro das medidas de atención á diversidade o traballo coordinado de todos os profesionais que interveñen na educación dos alumno/as así como a colaboración coas familias, posto que o intercambio de información e a unificación de criterios son básicos para lograr o éxito da intervención educativa co alumnado.

11.- ACCIÓNS DE EDUCACIÓN EN VALORES E DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.

O currículo oficial reconece a importancia de promover o desenvolvemento de novas actitudes e valores. Debe ser suficientemente flexible para recoller as novas necesidades formativas, características dunha sociedade plural e en permanente cambio. Por iso, contén un conxunto de ensinanzas que, integradas no propio programa das áreas, o atravesan ou o impregnan. Reciben a denominación xenérica de ensinanzas comúns ou transversais. Deste xeito, e sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunha das áreas da etapa, o fomento da expresión oral, as aproximacións á lectura e a escritura, as tecnoloxías da información e da comunicación e a educación en valores persoais e sociais traballaranse en todas as áreas.

Con respecto á educación en valores traballaremos os referidos a:

- **Valores persoais**
 - o autoconcepto
 - o autoestima
- **Valores de carácter funcional-instrumental:**
 - o a comprensión e expresión oral - escrita
 - o a comunicación audiovisual
 - o as tecnoloxías da información e comunicación
- **Valores de carácter interpersoal-social**
 - o morais e cívicos
 - o para a paz e convivencia
 - o ambiental

- do consumidor
- igualdade de oportunidades entre os sexos
- sexual
- saúde
- viaria

Con respecto á contribución ao plan de convivencia traballaremos os seguintes aspectos:

- Formar aos nenos e nenas como persoas íntegras capaces de asumir hábitos de responsabilidade, respecto, non agresión...
- Atender ás dificultades de tipo académico que en calquera momento poidan presentar os nosos alumnos e alumnas.
- Capacitar aos nenos e nenas para unha axeitada integración social e que desenvolvan así a súa personalidade como individuos autónomos.
- Fomentar a adquisición de valores tales como solidariedade, compañeirismo, amizade, tolerancia, respecto, responsabilidade...

12.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC DO CENTRO.

O alumnado deste nivel empregará as novas tecnoloxías na medida do posible a través de:

- Proxectores.
- Coñecemento e uso de ordenador con conexión á rede
- Uso de programas educativos.
 - Na rede.
 - Traballo con CD-ROMs.

13.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR E PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO.

Desenvolveremos diferentes actividades ao longo do curso enmarcadas dentro do Proxecto Lector do Centro ou da programación anual de biblioteca:

- ✓ Tráballase a lectura en todas as áreas facendo fincapé na comprensión dos textos, vocabulario, tipoloxías, ... Farémolo de xeito colectivo ou individual, en diferentes soportes : impresos ou electrónicos e con diferentes finalidades: obter datos, resolver un problema, informarnos, etc.
- ✓ Producción de textos escritos de diferentes tipoloxías e finalidades onde terán en conta as normas gramaticais e de morfosintaxe.
- ✓ Actividades de biblioteca: Acoden á biblioteca do centro coa titora para buscar información sobre algún tema en concreto, coñecer as novidades, ler por pracer, facer formación de usuarios ou formación documental, préstamo, etc.
- ✓ Participar en actividades de animación á lectura coma contacontos, encontros con autores ou ilustradores,...
- ✓ Actividades deseñadas para conmemorar o día de.... (A paz, a poesía, do libro,etc.).

As propostas e actuacións do segundo curso con respecto á lectura son as seguintes:

- Conseguir unha progresiva mellora nas técnicas básicas de lectura.
- Lectura de contos adaptados a súa idade.
- Cando se fai lectura dun determinado texto esta realízase en voz alta, corrixiendo a pronunciación e a entoación cando é preciso e resolvendo as dificultades de comprensión se as houbera.
- Faise lectura comprensiva de todos os exercicios que se realizan na aula, sexa dos libros de texto, no encerado ou en fichas e cadernos de apoio e reforzo.
- Desde a aula tentamos que os alumnos/as desenvolvan o gusto pola lectura propiciando a súa asistencia á biblioteca escolar e realizando préstamos na biblioteca de aula.

14.- ACTIVIDADES DE REFORZO/RECUPERACIÓN E AMPLIACIÓN.

O plan de reforzo para os alumnos e alumnas do segundo curso partirá das reunións de equipo docente e DO se fose necesario, da análise das probas de prevención, así como dos resultados obtidos nas probas de avaliación inicial realizada a principios de curso.

A organización do reforzo dependerá das necesidades dos alumnos e alumnas en función do curso.

Os criterios para detectar alumnos e alumnas que necesiten reforzo educativo son os seguintes:

- Primeiro trimestre:

Realizar a avaliación inicial.

Observación directa da titora.

- Desfase no sonido-grafema en máis de tres grafemas.
- descoñecemento do abecedario.
- descoñecemento dos números do 0 ao 99.
- Dificultade no trazo.

- Segundo trimestre:

Seguimento do alumnado

Observación directa da titora.

- Desfase na adquisición da lectoescritura.
- Dificultade grave na adquisición ou descoñecemento de números de tres cifras
- Dificultade grave de comprensión lectora.

- Terceiro trimestre:

Seguimento do alumnado

Observación directa da titora

- Desfase grave ou dificultade na adquisición das trabadas.
- descoñecemento de grafemas ou dificultade grave para a súa adquisición.

- Problemas de lectura.
- Dificultade grave de comprensión lectora.
- Presenza en exceso de silabeo.
- Ausencia ou carencia de ritmo e entoación.
- Problemas de escritura.
- Graves problemas de descoñecemento da ortografía natural.
- Dificultade grave para a comprensión e realización de sumas con levada e restas con levada.

A metodoloxía será a mesma que se utilice na titoría; debéndose centrar especialmente naqueles alumnos e alumnas que presenten maiores problemas de aprendizaxe.

Para a superación de aspectos concretos traballarase con métodos específicos encamiñados a corrixir as dificultades atopadas buscando actividades que sexan alternativas ao programa curricular das materias instrumentais.

O reforzo educativo e as actividades de ampliación levaranse a cabo durante todo o curso escolar, sendo un programa aberto e flexible no que os alumnos e alumnas poderán ir cambiando en canto vaian conseguindo os obxectivos propostos para eles e elas.

Os recursos serán variados: materiais ordinarios, así como algúns específicos en función das actividades a desenvolver.

A avaliación será cualitativa e cuantitativa de maneira continua e individual. Será unha labor conxunta da titora e os mestres de apoio. Avaliarase positivamente o esforzo e a actitude, así como os pequenos avances.

15.- MATERIAIS DIDÁCTICOS.

Os recursos cos que se vai a contar para levar a cabo esta programación son de tres clases: materiais, humanos e ambientais.

En canto aos **recursos materiais**, as aulas contan con: pizarra branca, pizarra dixital, diversos libros, biblioteca de aula, recuncho informático, xogos didácticos, taboleiro de corcho para colgar material informativo relevante e diversos traballos puntuais do alumnado, outros materiais didácticos manipulativos.

Contamos así mesmo con material común de centro como son a aula de informática ou biblioteca de centro, etc.

Dentro dos **recursos humanos** ademais cóntase co apoio dos/as docentes especialistas en lingua estranxeira, educación musical, educación física, educación relixiosa, especialista en pedagogía terapéutica, especialista en audición e linguaxe e unha orientadora para todo o centro.

En canto aos **recursos ambientais**, principalmente as clases realizaranse na aula, ás sesións semanais de música e de educación física levaranse a cabo nos seus espazos específicos, ademais de que se poderá contar puntualmente con outros espazos para levar a cabo algunhas actividades, como a pista polideportiva, o patio de recreo, a biblioteca ou outras dependencias do centro.

Os distintos materiais e recursos didácticos serán: libros de texto, fichas complementarias, caderno do alumnado e outros materias didácticos para a ensinanza das distintas áreas (regretas,

ábacos, xogos de asociacións, láminas, ...) xogos educativos, biblioteca de aula e material funxible.

16.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Estas actividades non poderán levarse a cabo debido á aplicación do Protocolo COVID.

CONMEMORACIÓNS: indicar que se programarán actividades en días sinalados como:

- Magosto
- Samaín
- Día Internacional contra a Violencia de Xénero
- Conmemoración da Constitución e do Estatuto de Autonomía de Galicia.
- Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- Nadal.
- Día da Paz
- Entroido.
- Día Internacional da Muller Traballadora
- Semana da prensa.
- Semana do Libro
- Día Mundial da Saúde.
- Día de Europa
- Día das Letras Galegas.
- Día do Medio Ambiente.
- Excursión de Fin de curso (data e lugar sen determinar).

17.- PROCEDIMIENTO E SISTEMÁTICA DE CONTROL, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO GRAO DE CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS E OBXECTIVOS DA ETAPA, POR PARTE DO ALUMNADO.

Nas reunión mensuais do equipo docente e, máis concretamente, nas de avaliación, valorarase o grao de consecución das competencias básicas e obxectivos da etapa por parte do alumnado, así como outros aspectos de gran importancia que inflúen na formación do alumnado.

Este control realizarase coa axuda dunha ficha de seguimento:

AVALIACIÓN:	ANO ACADÉMICO:
GRUPO:	TITOR/A:
1. Resultados académicos do grupo:	
2. Convivencia:	
3. Asistencia e puntualidade:	
4. Avance na impartición dos contidos da programación:	
5. Proposta de alumnos/as para tratamento individual por presentar especial problemática ou dificultade:	
O profesor/a titor/a:	
Asdo:	

18.- PROCEDIMIENTO E INDICADORES PARA AVALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN/PRÁCTICA DOCENTE.

O foco de atención da avaliación non pode ser soamente o alumno/a, senón tamén os procesos de ensinanza e a propia práctica docente, dende o contexto máis próximo ao alumnado (métodos didácticos, organización da aula, deseño e desenvolvemento das unidades didácticas, contidos,...) ata o contexto amplo no que esta se desenvolve (coordinación cos mestres/as e especialistas, continuidade e coherencia dos plantexamentos educativos entre os niveis e etapas, a colaboración coas familias de alumnos/as,...)

Trimestralmente, e coincidindo coas sesións de avaliación, farase unha revisión da programación para ver o grao de consecución dos obxectivos e contidos programados así como a súa temporalización.

Co fin de establecer unha avaliación plena de todo o proceso, avaliaranse os seguintes indicadores das programacións de aula:

- **Desenvolvemento na clase da programación.**
- **Relación entre obxectivos e contidos.**
- **Adecuación de obxectivos e contidos coas necesidades reais.**
- **Adecuación de medios e metodoloxía coas necesidades reais.**

O docente recollerá tamén nun diario, as estimacións que fixo sobre a súa práctica docente e as decisións que tomou para a súa mellora. Como resultado deste diario, o profesorado, realizarán as modificacións pertinentes nas unidades didácticas.

Tamén se pode pedir aos alumnos/as que nos dean a súa libre opinión sobre a actividade realizada. Isto axudaranos a mellorar o clima da aula e a ter en conta o punto de vista dos alumnos/as. As conclusións destas consultas poden ser recollidas no noso diario.

19.- PARTICIPACIÓN DE PAIS, NAIS E TITORES/AS LEGAIS NO PROCESO EDUCATIVO.

Para dar cumprimento ao establecido no artigo 7º do Decreto 105/2014, contémplanse as seguintes medidas:

- Reunión conxunta co titor/a do grupo ao inicio de curso, onde se expoñen as liñas básicas da programación do curso.
- Unha hora de atención semanal a pais/nais cos tutores/as e profesorado do grupo.
- Disponibilidade do profesorado para facilitar as entrevistas cos pais/nais en horario acordado previamente, de non poder facelas na sesión establecida.
- Comunicación constante coas familias.

20.- MEDIDAS PRECISAS PARA FACER PÚBLICOS E COMUNICAR ÁS FAMILIAS OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN, OS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES, AS ESTRATEXIAS E OS INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN, ASÍ COMO OS CRITERIOS DE PROMOCIÓN.

As medidas que se establecen para publicar e comunicar ás familias os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe, as estratexias e instrumentos de avaliación e os criterios de promoción son as seguintes:

1. Información na reunión conxunta de grupo ao inicio do curso escolar.
2. Poñer a disposición da comunidade educativa unha copia da programación depositada en dirección.

21. ADAPTACIÓN AO CONTEXTO COVID-19

En función do desenvolvemento do curso en relación á situación sanitaria e a necesidade de docencia non presencial ou semi-presencial, utilizarase a aula virtual do centro como canle para poder traballar os contidos das diferentes áreas.

En canto se poña en marcha a aula virtual, formaremos ao alumnado no seu uso e manexo.